DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

NOTA INFORMATIVA: Proxección exterior do Museo Provincial de Lugo

O Museo Provincial de Lugo participará no *XXIII Congreso internacional sobre bronces antiguos*, organizado polo Museo Nacional de Arte Romano de Mérida, a través de dúas comunicacións realizadas pola directora do museo, Aurelia Balseiro, e a responsable do Departamento de arqueoloxía e historia, M.ª Ofelia Carnero: "*Pacts immortalized in bronze: Tabula Hospitalis of O Courel (Lugo)"* e "*The Penadominga bronzes: a diverse typological asseemblage*".

Ambas intervencións foron aceptadas por un comité científico internacional e compartirán palestra coas achegas de numerosos investigadores e especialistas procedentes de toda Europa e EEUU. O congreso, que terá lugar do 25 ao 28 de novembro, está dedicado á recuperación, conservación e exposición de bronces antigos. A súa realización ten lugar ao abeiro da exposición *A la sombra de Vulcano. Bronce romano en Hispania*, realizada polo MNAR, na que o MPL participa tamén mediante o préstamo da *Tabula Hospitalis* do Courel.



Programa do congreso: https://www.cultura.gob.es/mnromano/dam/jcr:ab9b4cea-df95-4d89-9483-593d4bf85366/23-iconab-programme.pdf

Máis información: Aurelia Balseiro García (direccion@museolugo.org / 982 242 112)